



ACTA DA REUNIÓN DO 7 DE SETEMBRO DE 2015 DA MESA DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO.

PRESIDENTE:

D. Miguel Ángel Santalices Vieira
Vicepresidente do Parlamento de Galicia

VOGAIS:

D. José Manuel Balseiro Orol
Secretario do Parlamento de Galicia

D^a. Concepción Burgo López
Vicesecretaria do Parlamento de Galicia

D. Juan Carlos Caride Puente
Letrado do Parlamento de Galicia

D^a. María del Carmen Fernández da Silva
Viceinterventora do Parlamento de Galicia

SECRETARIO:

D. Santiago González Serrano
Director de Recursos Humanos e Réxime Interior do Parlamento de Galicia

No Pazo do Parlamento, ás 12,15 horas do **7 de setembro de 2015**, reúnense as persoas relacionadas, que constitúen a Mesa de Contratación encargada de estudar a documentación das ofertas presentadas na contratación, mediante procedemento aberto, dos servizos para a prestación do servizo de prevención alleo.

Orde do día:

Punto único.- Constitución da Mesa de contratación e apertura e exame da documentación incluída nos sobres "A" (Capacidade para contratar e solvencia económica, financeira e técnica e profesional dos licitadores).

De seguido procedese a:

PRIMEIRO.- O Sr. Presidente declara constituída a Mesa.

A continuación, o Secretario achega a certificación do xefe do Servizo de Asistencia Parlamentaria do Parlamento de Galicia na que se fan constar as proposicións presentadas, que son as seguintes:

EMPRESA	registro núm.:
Mugatra Sociedad de Prevención, S.L.U.	40024
Universal Prevención y Salud, sociedad de prevención, S.L.U.	40060
Clínica Gaiás (Gerosalud, S.L.)	40197

SEGUNDO.- Seguidamente a Mesa de contratación procede ao estudo da documentación contida nos sobres A presentados polas empresas concorrentes.

Da análise da documentación presentada pola empresa Mugatra Sociedad de Prevención, S.L.U. comprobouse que declara o propósito de subcontratar certas partes da prestación obxecto do contrato

Ao tenor do artigo 227 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do sector público, "se así se prevé nos pregos ou no anuncio de licitación, os licitadores deberán indicar na oferta a parte do contrato que teñan previsto subcontratar, sinalando o seu importe e o nome ou o perfil empresarial, definido por referencia ás condicións de solvencia profesional ou técnica, dos subcontratistas aos cales se vaia encomendar a súa realización".

A empresa Mugatra Sociedad de Prevención, S.L.U. declara o propósito de subcontratar certas partes da prestación obxecto do contrato, pero falta información respecto do seu importe e o nome ou o perfil empresarial dos subcontratistas aos cales se vai a encomendar a súa realización.

En consecuencia, ao abeiro do disposto no artigo 81 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da lei de contratos das administracións públicas, a Mesa de Contratación acorda requirir a Mugatra Sociedad de Prevención, S.L.U. para os efectos de que, no prazo de 3 días hábiles, aclare os aspectos relativos á eventual intención de subcontratar anteriormente expostos.

Analizadas as proposicións presentadas polo resto de empresa licitadoras (Universal Prevención y Salud, sociedad de prevención, S.L.U. e Gerosalud, S.L.) comprobase que presentan a documentación administrativa requirida segundo o establecido na cláusula sétima dos pregos, polo tanto acorda admitilas para continuar no procedemento de contratación.

Non habendo máis asuntos que tratar, ás 12,25 horas levántase a sesión, asinando os asistentes a presente acta, no lugar e data indicados.

 Miguel Ángel Santalices Vieira Presidente	 José Manuel Balseiro Orol Vogal
 Concepción Burgo López Vogal	 Juan Carlos Caride Puente Vogal
 María del Carmen Fernández da Silva Vogal	 Santiago González Serrano Secretario